



# UUU-UUU, BEGOÑA!

(TEATRO PARA A INFANCIA CON LANZAMIENTO,  
TRES LANCES E UN DESENLANCE)

Texto de An Alfaya

Ilustracións de Laura Romero



REAL  
ACADEMIA  
GALEGA



Deputación  
DA CORUÑA



PRIMAVERA  
DAS LETRAS 2026



Esta peza breve desenvólvese entre o **Bosque do Aquén** e o **Bosque do Alén**.

Escoitarás os rechouchíos da **Curuxa Maruxa** e do **Moucho Moncho**.

Descubrirás a cantareira **Uxía**, boa amiga de **BEGOÑA CAAMAÑO**, a protagonista do Día das Letras Galegas deste ano 2026. Arredor dela bulirá a **Rapazada**, e a curiosidade dunha **Nena** e dun **Neno** fará que se abra unha porta máxica no arboredo onde atoparás a **Morgana, Circe, Merlín**, e a propia **BEGOÑA**.

Haberá tres eguas: **Aventura, Odisea** e **Esmelle**, e tamén un cofre e un legado.

E ata aquí podo contar... Se queres saber o que acontece na peza debes mergullarte na súa lectura; só así poderás cantar, recitar e xogar entre as árbores a carón dos personaxes. Gustaríache ser un deles?



REAL  
ACADEMIA  
GALEGA

# DESENLANCE



(Bosque do Aquén. Noite. Algarada das nenas e dos nenos xogando entre as ruínas dun castelo. Uxía fita a lúa e as estrelas dende unha torre. Son de badaladas que se solapan coas do Bosque do Alén)

**UXÍA:** (Chama á rapazada) Vinde onda min! (Suspira) Todo comezou con Rosalía!

**NENA:** (Palmas) Tra, tra!

**NENAS/NENOS:** (Palmas) Tra, tra!

**UXÍA:** (Risos) Esa Rosalía non! Falo da nosa Rosalía. O son das campás fanme lembrar un poema seu. (Canta)

\*Campanas de Bastavales,  
cando vos oio tocar,  
mórrome de soidades.  
Cando vos oio tocar,  
campaniñas, campaniñas,  
sin querer torno a chorar...

(Emocionada) Cando lles puxen música aos poemas de  
\*\**Rosalía pequeniña*, ela escribiu no limiar unhas palabras  
que amosaban a súa admiración pola poeta. Nada sabía  
entón que sería unha das súas sucesoras!



**VOZ EN OFF DE BEGOÑA:** Rosalía pequeniña sería hoxe, como daquela, unha nena guerreira, gustaríalle o rock tocado con gaita e vestiría punki. Porque as mulleres e as nenas de agora somos coma ela: da tribo daquelas que non só cantan ás pombas e ás flores.

**UXÍA:** Dá que pensar, non si?

**NENA:** Eu tamén quero ser guerreira!

**NENO:** E vestir punki!

**NENAS/NENOS:** E tocar rock con gaita!

**UXÍA:** Pois sexamos guerreiras, vistamos punki e toquemos rock con gaita! (Aplausos xerais)

Benvido sexas, dezasete de maio!  
Benvida sexas, Begoña Caamaño!  
Venturoso sexa este o teu ano!

(Son de música rock con gaitas)

\* "Campanas de Bastavales". *Cantares gallegos*. Rosalía de Castro. Concello de Vigo. Ed. Mercedes Pacheco.

\*\* *Rosalía pequeniña*. Libro-disco. 2013 Música de Uxía. Ilustracións de Marina Seoane. Editorial Galaxia.

*Uuu-uuu, BEGOÑA!* (Teatro para a infancia cun LANZAMENTO, tres LANCES e un DESENLANCE) é unha peza teatral de homenaxe a Begoña Caamaño Rascado, protagonista do Día das Letras Galegas 2026, escrita por An Alfaya e ilustrada por Laura Romero.

A Academia celebra que esta obra sexa lida e representada nas casas dos nenos e nenas e nas escolas de todo o país e da Galicia exterior. Anima tamén as agrupacións de teatro amador e calquera outro colectivo sen ánimo de lucro a levala á escena e agradece recibir información sobre as funcións que organicen.

Para calquera outro uso profesional e/ou con ánimo de lucro deste contido, é preciso solicitar o permiso das autoras e da RAG.

*Uuu-uuu, BEGOÑA!* forma parte de Primavera das Letras, o proxecto para o público infantil da Real Academia Galega. Pode descargarse en [primaveradasletras.gal](http://primaveradasletras.gal), espazo onde a institución ofrece ademais actividades e outros contidos sobre Begoña Caamaño, así como recursos sobre a lingua e a cultura galegas para a rapazada.



REAL  
ACADEMIA  
GALEGA



PRIMAVERA  
DAS LETRAS 2026

[primaveradasletras.gal](http://primaveradasletras.gal)



Deputación  
DA CORUÑA